



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 545922
www.xunta.gal

galicia

COMUNICADO DO 5 DE FEBREIRO DE 2019 DA MESA DE AVALIACIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE DUAS LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA DE TITULARIDADE PRIVADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Reunida a Mesa de Avaliación do dito concurso o día 10 de outubro de 2018 para constituír a Mesa e proceder á revisión da documentación administrativa (SOBRE NÚMERO 1) foron advertidos defectos ou omisión emendables nalgunha das solicitudes presentadas e ao abeiro do establecido na cláusula décimo cuarta das bases, requiriuse dos ditos solicitantes as emendas pertinentes, concedéndose un prazo de 10 días hábiles para presentar estas emendas, que foron aceptadas na súa totalidade, previo acordo da Mesa de Avaliación.

En xuntanza do 5 de febreiro de 2019 a Mesa de Avaliación e de acordo co establecido na cláusula décimo quinta que rexe o dito concurso, acordou que o venres 8 de febreiro, ás 10:30 horas, na sala D do Edificio Administrativo de San Caetano (Santiago de Compostela) terá lugar o acto público de apertura do SOBRE N°2- Experiencia e Propostas: Programación, Económica e Tecnolóxica.



Xacobeo 2021